

ANUNCIO

APROBACIÓN DA RELACIÓN DE CANDIDATOS/AS QUE SUPERARON O PROCESO DE SELECCIÓN E A SÚA ORDE DE PRELACIÓN AOS EFECTOS DE FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE TÉCNICO/A DE APOIO A PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO

O 31 de marzo de 2022 o alcalde do Concello de Dodro dictou a Resolución da Alcaldía núm. 114/2022 que literalmente se transcribe:

"EXPEDIENTE: 2022/E001/000005

ASUNTO: PROCESO PARA A SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A DE APOIO A PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DO CONCELLO DE DODRO E FORMACIÓN DUNHA BOLSA

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver a proposta remitida polo Tribunal Cualificador ao efecto de formación da bolsa de emprego para a posto de técnico/a de apoio a Programas Integrados de Emprego do Concello de Dodro, de data 14/03/2022 na que figuran os aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación,
RESOLVO:

Primeiro.- Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a relación de candidatos que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos de formación de bolsa de emprego para o posto de técnico/a de apoio do Concello de Dodro. A selección foi regulada polas Bases Reguladoras que foron aprobadas por Resolución de alcaldía núm. 33/2022 de data 03/02/2022 e publicadas na páxina web do Concello de Dodro (www.dodro.gal), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 27 do 09/02/2022

Nº de Orde	DNI	Nome e apelidos	Puntuación total
1	***738***	Olalla Rodríguez Blanco	24,53
2	***486***	Tania Fuentes Vieites	21,00
3	***653***	Natalia Carou Figueira	19,67

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL."

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo

dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se publica aoa efectos oportunos

Documento asinado electrónicamente

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís